

# O XOGO DA OCA

Como actividade de **lectoescritura** desta semana, plantexámosvos que xoguedes ao "Xogo da oca" cos nenos e nenas, e presentámososvos unha serie de activiadades a realizar en relación ao xogo. Con elas pretendemos que os nenos e nenas reforcen os contidos e capacidades adquiridas durante o curso, coa vosa axuda.



Previamente teredes que preparar o material necesario para o xogo, que sería o seguinte:

- Un dado. Si non tedes, podedes reutilizar os números que elaborartes para xogar ao bingo a semana pasada.
- O taboleiro do xogo da oca que vos presentamos. Hai un tableiro para cada clase (formiguiñas, pitiños e baleas). Non é necesario que o imprimades, pois podedes usalo na tablet, no móbil ou mesmo no ordenador.



A forma de xogar é a mesma que nun xogo da oca tradicional, pero coas seguintes INSTRUCIÓNS:

- ❑Si caes nunca casiña coa *foto* dun neno/a debes escribir o seu nome.
- ❑Si caes nunha casiña con *letras* debes escribir unha palabra que comece por esa letra ou sílaba.
- ❑Si caes nunha casíña con un *debuxo* debes escribir a palabra que describe ese debuxo.





- Si caes nunha casiña con oca debes dicir "de oca a oca e tiro porque me toca", saltar á seguinte casiña con oca e volver tirar o dado.

- Caias na casiña que caias (fotos, letras ou debuxos), deberás dicir oralmente unha frase con esa palabra. Os pitiños deberán tamén escribir a frase en letras maiúsculas e as baleas en letras minúsculas.

Esperamos que disfrutedes moito con este novo xogo practicando a linguaxe oral e escrita. E, por suposto, mandádenos as fotos do voso xogo!



Moita sorte e gracias!

